



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Alliance Française
en España



Liberté - Égalité - Fraternité
RÉPUBLIQUE FRANÇAISE
AMBASSADE DE FRANCE
EN ESPAGNE
SERVICE CULTUREL

CONVOCATORIA DE CURSOS DE FORMACIÓN PARA A AVALIACIÓN E PARA A HABILITACIÓN OFICIAL COMO CORRECTOR E EXAMINADOR DOS EXAMES DO DELF ESCOLAR.

Ao abeiro do convenio de colaboración para a obtención do Diploma de Estudos en Lingua Francesa na súa versión escolar (<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/19401>) -asinado o 29 de xuño de 2016 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Servizo de Cooperación e de Acción Cultural da Embaixada de Francia en España- que, na súa cláusula quinta, establece a habilitación do profesorado de francés para examinar e corrixir as probas dos exames do DELF escolar, as Alliance française de Santiago de Compostela e Vigo convocan dous cursos de formación.

Ambos os dous cursos serán impartidos por formadores acreditados polo CIEP -Ministerio de Educación de Francia a través do Servizo de Cooperación y acción cultural de la Embajada de Francia en España-, homologados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e contarán cunha certificación de 8 e 20 horas de formación permanente do profesorado respectivamente.

Modalidades de destinatarios/as

1) Curso: Avaliar segundo os criterios do MECRL

Obxectivo: Adquirir, reforzar e compartir ferramentas didácticas e prácticas para avaliar as probas do DELF escolar e preparar ao seu alumnado para as ditas probas.

Duración: 8 horas.

Datas: 19 e 20 de xaneiro ou 26 e 27 de xaneiro.

Horarios: de 16h a 20h

Lugares de realización:

A Coruña: 19 e 20 de xaneiro.

Lugo: 26 e 27 de xaneiro.

Ourense: 26 e 27 de xaneiro.

Santiago de Compostela: 19 e 20 de xaneiro.

Vigo: 19 e 20 de xaneiro.

Perfil dos participantes:

- Profesores especialistas de lingua francesa.
- Profesorado que imparte unha sección bilingüe en francés que acredite posuír o título C1 no MCERL.

Prazas: máximo de 12 prazas por lugar de realización do curso.

Para poder configurar o grupo requírese un mínimo de 6 persoas participantes.

Modalidades e prazo de inscrición:

O profesorado interesado cubrirá a folla de inscrición adxunta e enviarana coa documentación solicitada ata o **14 de xaneiro inclusive**

á Alliance française de Santiago de Compostela: info@afsantiago.es para a impartición da formación en Santiago de Compostela e Ourense.

á Alliance française de Vigo: dirección@alliancevigo.org para a impartición da formación en A Coruña, Lugo e Vigo.

2) Curso: Habilitación oficial para examinar e corrixir as probas do DELF escolar.

Obxectivo: Avaliar as habilidades das persoas candidatas ao DELF escolar segundo as pautas que rexen o diploma en cada nivel (A2, B1 e B2).

Duración: 20 horas lectivas.

Datas: 16, 17, 18, 23 e 24 de febreiro.

Horarios: 16,17 de febreiro de 16h a 20h.

18 de febreiro de 10h a 14h.

23 e 24 de febreiro de 16h a 20h.

Lugares de realización: A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

Perfil do profesorado:

- Profesorado de ensinanza secundaria especialista en lingua francesa.

Para acceder ao curso terá preferencia o profesorado que acredite ter preparado o seu alumnado para os exames do DELF en convocatorias anteriores e que teña participado no curso anterior: *Avaliar segundo os criterios do MECRL.*

Modalidades e prazo de inscrición:

O profesorado interesado cubrirá a folla de inscrición adxunta e enviarana coa documentación solicitada ata o **7 de febreiro inclusive**

á Alliance française de Santiago de Compostela: info@afsantiago.es para a impartición da formación en Santiago de Compostela.

á Alliance française de Vigo: dirección@alliancevigo.org para a impartición da formación en A Coruña e en Vigo.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Alliance Française
en España



Liberté - Égalité - Fraternité
RÉPUBLIQUE FRANÇAISE
AMBASSADE DE FRANCE
EN ESPAGNE
SERVICE CULTUREL

FOLLA DE INSCRICIÓN

CURSO SOLICITADO:

NOME E APELIDOS:

DNI:

ENDEREZO:

EMAIL:

TELÉFONO:

CENTRO (IES, EOI, etc.):

PERFIL DOCENTE (Profesor de secundaria, etc.):

NIVEIS DE ENSINANZA:

NIVEL DE ACREDITACIÓN DE LINGUA FRANCESA NO MECRL (só para profesores no especialistas):

EXPERIENCIA NOS EXAMES DELF:

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR:

- **Certificación da dirección do centro conforme o profesor traballa nese centro.**
- **Fotocopia compulsada da acreditación do nivel de idioma.**
- **Para o curso de habilitación oficial para examinar e corrixir as probas do DELF escolar, enviar un curriculum vitae e un escrito de motivación.**

